

**SERVIZOS PRESTADOS POLO SERVIZO DE ORZAMENTOS, ESTUDOS E  
ASISTENCIA ECONÓMICA:**

- I. A asistencia económica abrangue calquera tipo de asesoramento económico financeiro;
  - contestación a consultas, comunicacións e visitas informativas,
  - redacción de informes, estudos, ditames e propostas de resolución.
- II. O persoal do servizo prestará o asesoramento, agás naqueles casos nos que a particularidade da cuestión formulada requira un ditame de expertos alleos, suposto no cal, adoptarase resolución da Presidencia, logo de informe do Xefe de Servizo.
- III. O labor de asesoramento económico, concretarase nas funcións seguintes:
  - a) Emisión dos informes de natureza económico-financeira, orzamentaria e os integrados no "ciclo de xestión orzamentaria" que demanden os municipios e outras entidades locais da provincia.
  - b) Asesoramento aos concellos da provincia na resolución de dúbidas, consultas e incidencias na emisión de informes de natureza económico- financeira.
  - c) Asistencia nos expedientes de contratación das operacións de crédito que demanden as entidades locais da provincia.
  - d) Asesoramento e asistencia na elaboración de plans económico financeiros, ou de axuste e de plans de saneamento.
  - e) Formación e xestión da base de datos das ordenanzas dos municipios e outras entidades locais da provincia a disposición na web da Deputación.

- f) Estudos económicos derivados dos orzamentos municipais, e doutras actuacións que poidan servir para a toma de decisións noutras áreas da actividade da Deputación respecto dos municipios.
- g) Xestionar, en xeral, outros proxectos de asistencia aos municipios con repercusións na área económico- financeira, como formación dos inventarios municipais, confección das relacións de postos de traballo, servizo de documentación, etc, ben mediante contratos de consultoría e asistencia ou directamente.
- h) Asesoramento aos concellos da provincia na resolución de dúbidas e incidencias na xestión de recursos humanos e seguridade social.
- i) Apoio, asesoramento e asistencia aos concellos da provincia das aplicacións informáticas ofrecidos pola Deputación de xestión de nóminas e cotizacións dos custos de seguridade social.
- j) Planificación de formación do persoal ó servizo das entidades locais provinciais mediante a organización de cursos de formación nas materias que configuran o ámbito de actuación do Servizo de Orzamentos, Estudos e Asistencia Económica.
- k) Labor de comunicación e información continua e permanente de actualizacións normativas, novidades e outros asuntos de interese xeral relacionados coa xestión municipal.